



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Outubro 2020

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Outubro 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia unha caída do 11,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 5,5 puntos inferior á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 14,0%, taxa 1,3 puntos inferior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 14,7% e nos Outros servizos o 0,8%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de outubro.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 3,1% en Galicia e do 5,2% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de outubro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un descenso do 11,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 5,5 puntos á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 14,0%, rexistro 1,3 puntos inferior ao do mes anterior.



O descenso da cifra de negocios en Galicia débese principalmente ao *Comercio*, que cun descenso do 14,7%, resta 11,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 0,8% e restan 0,2 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 9,6% e nos *Outros servizos* o 22,1%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe a súa facturación o 20,2%, co que resta 11,0 puntos á taxa de variación do índice xeral, e a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 2,8%; o *Comercio ao retalho* mantense estable. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 11,6%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 12,6% e o *Comercio ao retalho* o 4,0%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 0,8%. As maiores caídas rexístranse na *Hostalería*, -42,2%, co que resta 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral, e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -34,7%, co que restan 1,2 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra o maior incremento, 22,8%, e achega 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. *Información e comunicacións* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* tamén incrementan a súa facturación en outubro, 0,7% e 2,3% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 22,1%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-52,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-33,3%).

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 14,0% en Galicia e un 16,6% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 15,8% en Galicia e un 12,9% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 8,5% e en España un 23,3%.

Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares son os sectores con maiores caídas no que vai de ano tanto en Galicia como no conxunto de España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 11,8% no mes de outubro. O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería* que, cunha taxa do -42,2%, resta 9,0 puntos.

Dous sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (13,7%) e *Información e comunicacións* (1,5%).


No acumulado do ano, o índice diminúe un 16,0%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-45,3%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 8,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 9,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de outubro en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Tres comunidades rexistran taxas inferiores á media nacional: Illes Balears (-37,7%), Canarias (-34,9%) e Madrid (-16,9%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-39,7%) e Canarias (-30,1%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-2,7%) e Extremadura (-6,0%).

Índices de cifra de negocios. Outubro 2020

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado diminúe en Galicia un 3,1% respecto ao mes de outubro de 2019, 2,1 puntos menos que en España (-5,2%).

A ocupación diminúe un 0,9% no *Comercio* e un 4,7% nos *Outros servizos*. En España o persoal ocupado diminúe no *Comercio* un 2,4% e nos *Outros servizos* un 6,8%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -15,1% en Galicia e do 16,9% en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 3,6% en Galicia e un 4,2% no conxunto do Estado.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de outubro con respecto ao mesmo mes do ano 2019. Os maiores descenso danse en Illes Balears (-22,1%) e Canarias (-10,3%). A comunidade onde menos cae a ocupación é Murcia (-1,5%)

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-15,0%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,3%).

Índices de persoal ocupado. Outubro 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	122,1	-11,3	-14,0
Comercio	117,7	-14,7	-15,8
Venta e reparación de vehículos de motor	107,8	-2,8	-16,8
Comercio por xunto	121,5	-20,2	-19,5
Comercio ao retalho	111,1	0,0	-4,2
Outros servizos	134,7	-0,8	-8,5
Transporte	184,7	22,8	11,0
Hostalería	65,5	-42,2	-45,4
Información e comunicacións	113,4	0,7	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,2	2,3	-2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,1	-34,7	-32,9
España			
Xeral	110,1	-14,0	-16,6
Comercio	115,6	-9,6	-12,9
Venta e reparación de vehículos de motor	125,8	-12,6	-21,6
Comercio por xunto	117,7	-11,6	-13,3
Comercio ao retalho	107,9	-4,0	-8,7
Outros servizos	100,1	-22,1	-23,3
Transporte	104,8	-19,8	-20,5
Hostalería	56,8	-52,4	-50,6
Información e comunicacións	109,2	-9,7	-9,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	130,7	-6,9	-12,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	86,1	-33,3	-31,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	116,3	-11,8	-16,0
Comercio	116,4	-10,6	-13,5
Transporte	188,8	13,7	5,4
Hostalería	66,8	-42,2	-45,3
Información e comunicacións	113,9	1,5	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,8	-0,7	-1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	133,6	-13,3	-15,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	110,1	-14,0	-16,6
Andalucía	106,6	-12,0	-14,1
Aragón	119,0	-8,7	-12,1
Asturias	110,1	-10,3	-12,2
Balears, Illes	75,6	-37,7	-39,7
Canarias	80,0	-34,9	-30,1
Cantabria	121,8	-8,5	-12,4
Castilla y León	108,5	-8,0	-11,4
Castilla-La Mancha	123,1	-6,0	-11,0
Cataluña	107,3	-13,4	-16,8
Comunitat Valenciana	111,7	-9,1	-12,4
Extremadura	123,3	-4,9	-6,0
GALICIA	122,1	-11,3	-14,0
Madrid	113,9	-16,9	-19,4
Murcia	117,9	-2,1	-2,7
Navarra	115,8	-10,6	-11,0
País Vasco	115,6	-9,8	-13,4
Rioja, La	124,4	-4,0	-10,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,6	-3,1	-3,6
Comercio	107,5	-0,9	-0,8
Venta e reparación de vehículos de motor	97,0	-3,3	-2,7
Comercio por xunto	121,5	0,9	0,2
Comercio ao retalho	101,6	-1,7	-1,1
Outros servizos	104,1	-4,7	-5,6
Transporte	104,4	-2,9	-4,2
Hostalería	89,1	-15,1	-12,7
Información e comunicacións	111,0	1,6	0,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,7	-0,2	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,1	0,6	-4,2
España			
Xeral	104,5	-5,2	-4,2
Comercio	104,8	-2,4	-1,8
Venta e reparación de vehículos de motor	104,1	-3,6	-2,7
Comercio por xunto	110,2	-1,3	-1,0
Comercio ao retalho	101,6	-3,0	-2,2
Outros servizos	104,3	-6,8	-5,7
Transporte	106,5	-3,8	-3,1
Hostalería	92,1	-16,9	-12,5
Información e comunicacións	110,3	-0,8	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,8	-1,8	-1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,8	-4,3	-5,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERAN UAL	NO QUE VAI DE
ESPAÑA	104,5	-5,2	-4,2
Andalucía	101,7	-5,5	-4,7
Aragón	106,9	-4,9	-3,6
Asturias	103,1	-2,9	-3,0
Balears, Illes	96,5	-22,1	-15,0
Canarias	99,0	-10,3	-6,8
Cantabria	105,3	-4,7	-4,7
Castilla y León	101,6	-4,5	-3,9
Castilla-La Mancha	105,2	-2,5	-3,1
Cataluña	105,5	-5,2	-4,2
Comunitat Valenciana	108,0	-3,9	-3,4
Extremadura	102,8	-4,2	-3,8
GALICIA	105,6	-3,1	-3,6
Madrid	105,6	-3,9	-3,2
Murcia	111,1	-1,5	-1,3
Navarra	105,4	-4,5	-4,7
País Vasco	103,2	-3,5	-3,1
Rioja, La	105,9	-3,8	-3,4

Fonte: INE